



ÁREA DE EDUCACIÓN

COMUNICACIÓN REFERENTE ÁS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS

As Escolas Infantís Municipais están xestionadas directamente polo Concello da Coruña a través de empresas de servizos.

Este sistema é o habitual no caso de moitas prestacións de servizos do Concello, como por exemplo as escolas deportivas municipais, a conserxería, as actividades nos centros cívicos, etc.

O Concello regula estes servizos e busca a máxima calidade mediante a súa supervisión constante. En concreto, o servizo de Escolas Infantís Municipais está supervisado e coordinado polo Servizo Municipal de Educación.

Ao remate dun contrato de servizos é obrigatorio, por lei, sacar de novo a licitación destes contratos.

Todas as licitacións do Concello da Coruña se tramitan de acordo coa Lei de Contratos do Sector Público e mediante procedementos **absolutamente transparentes, publicados na Plataforma de Contratación do Sector Público.**

En concreto, este procedemento foi **publicado o día 4 de xuño de 2026.**

Xunto coa documentación contractual, publicouse a relación do persoal con dereito a subrogación.

Neste contrato, todo o persoal que forma parte da plantilla da empresa, ten dereito a subrogarse. Polo tanto, **en ningún caso se vai producir ningún cambio do persoal educador e de coidado dos/as menores nas Escolas.**

Isto é coñecido por parte das traballadoras e traballadores.



ACTUAL PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN

Na actualidade o procedemento de licitación do servizo das Escolas Infantís Municipais non está concluído. Mais tanto o persoal como o funcionamento das escolas continuará a ser o mesmo.

Dende o Concello lévase meses traballando para sacar adiante unha licitación que implique **un servizo público de calidade**, non só para as familias senón tamén para as propias traballadoras.

O novo contrato, no momento no que se formalice, recolle unha serie de melloras. Isto é debido a que na licitación se outorgan 71 puntos para valorar criterios de calidade sobre os 29 puntos referentes á parte económica. É dicir, **o Concello da Coruña prima o criterio técnico (proxecto educativo) sobre o económico**.

En concreto valórase o proxecto educativo; o plan de formación ás traballadoras; o comedor escolar con materias primas procedentes dos Mercados Municipais, de proximidade e quilómetro cero; as actividades en familia; e o compromiso de renovación anual de mobiliario, maquinaria e xogos infantís das escolas.

Para establecer estes criterios e para mellorar o servizo, realizouse unha escoita activa das traballadoras, das direccións e das ANPAS.

Sobre isto traballouse na licitación, sen que houbera ningún tipo de reclamación ou recurso sobre os pregos aprobados.

Este é o procedemento habitual a seguir neste tipo de licitacións. Procedemento que se leva realizando dende que naceron as Escolas Infantís Municipais.



COMEZO DO NOVO CURSO ESCOLAR 2026/2027

Todo está preparado para o comezo do novo curso escolar e coordinado por parte do Servizo Municipal de Educación.

De feito, antes do remate do curso 25/26, foille comunicado ás diferentes familias a regulación de apertura do novo curso e os horarios de adaptación dos/as menores.

As Escolas Infantís Municipais realizarán a súa apertura o día 4 de setembro, cun horario de 07:00 a 17:00 horas, e con todo o persoal dispoñible. Ademais, mantense a gratuidade das Escolas, incluído o horario ampliado.

Outra novidade é a posta en marcha da nova EIM de Monte Alto, que volve á súa localización habitual, o que permitiu ofertar mais prazas, tanto nesta escola como na Luís Seoane.

As traballadoras e traballadores incorporaranse ao seu posto de traballo o día 1 de setembro logo de desfrutar as vacacións do mes de agosto.

Tan pronto se realice a incorporación, continuarán coa planificación do curso como o viñeron facendo todos estes anos anteriores.

Isto, **dirixido polas actuais empresas que seguen prestando servizos para o Concello da Coruña**, e baixo a coordinación do Servizo Municipal de Educación.

Dende o Concello da Coruña seguimos confiando nas traballadoras e traballadores da Rede de Escolas Infantís Municipais. No seu bo facer e na súa profesionalidade.

Por este motivo, as familias deben confiar en que as nosas nenas e nenos van ter o mellor servizo, a mellor educación e o mellor coidado para o novo curso.

A Área de Educación do Concello da Coruña